

PENA PRESAS, Montse (2018): *A voz insurrecta. María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida*. Vigo: Galaxia, 177 pp.

Son poucas as voces que repararon na escritora e profesora María Victoria Moreno, a quen este ano 2018 lle son dedicadas as Letras Gallegas. Foi este o motivo principal polo cal se comezou a elaborar algún artigo, volume ou estudo, que permitiron dar a coñecer a vida e o traballo de María Victoria. Así, os autores e as autoras encargados de redactar estes estudos foron na súa maioría amigos, mais non por iso non persoas referentes no ámbito da investigación e do eido da literatura, que coincidiron na vida e nas labouras da finada. Deste xeito, Fina Casalderrey, Xesús Alonso Montero, Xavier Senín, Isabel Soto ou Marilar Aleixandre intentaron reivindicar, con éxito, a figura de María Victoria tanto como unha das persoas máis innovadoras e pioneiras da súa época dentro do ámbito literario, como tamén unha das máis comprometidas en relación á situación e á promoción da nosa lingua.

A este elenco de nomes súmase, con merecida autoridade, a profesora e investigadora especialista en Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) Montse Pena Presas, quen nun acertado traballo titulado *A voz insurrecta. María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida* vai fiando e artellando de maneira sucinta mais completa a vida, sobre todo profesional, da autora.

Desde esta perspectiva, coído que precisamente é este sentido global da brevidade o que lle confire á obra o seu máximo atractivo, xa que se compón de apartados curtos nos que se van debullando as contribucións máis importantes de María Victoria. Con todo, este carácter breve pareceu non ser impedimento para que este traballo nos achegue, a través dunha perspectiva discursiva obxectiva e contrastada, unha visión bastante completa da súa biografía.

Neste sentido, o tema principal da obra fica exposto no seu limiar, onde a autora emprega un interesante simil entre unha vida intensa –a

de María Victoria– e un calidoscopio, co que xustifica que, a pesar de que a súa intención primordial foi a de “profundar nos textos, nas angueiras da escrita, no seu labor como profesora apaixonada, na súa aposta polo galego” e non tanto “na súa vida privada” (pp. 13-14), o calidoscopio, coas súas múltiples e inevitables caras/facetas, resulta de grande axuda para entendermos a dimensionalidade máis puramente profesional da escritora. Deste xeito é que a obra percorre principalmente os pasos profesionais de María Victoria, mais intercalados con “motivos vitais”. Así se van conformando os sucesivos capítulos que narran a traxectoria vital da autora desde o seu nacemento ata a súa morte, pasando por diferentes momentos persoais clave, que repercutiron dalgunha maneira no seu porvir profesional, entre eles aqueles que propiciaron a súa aproximación á lingua galega e a aposta decida por ela.

Non obstante, ademais de ser unha obra atractiva polo seu carácter breve e de ser relevante por apostar polo estudo biográfico dunha das voces máis descoñecidas do panorama histórico e literario galegos, o traballo é imprescindible tamén para os estudos da LIX, tal e como reflicte a autora Pena Presas cando se refire a María Victoria como unha das autoras clave no desenvolvemento deste xénero literario na Galicia dos anos 80. Por iso é que marca como obxectivo principal do seu estudo o de “animar á lectura das súas obras” (p. 14), xa que a autora homenaxeada, ademais de ser profesora, editora ou tradutora, dedicou gran parte da súa vida a nutrir con obras e relatos breves unha parcela do sistema literario galego que aínda estaba practicamente baleira e que comezaba a agromar por aquel entón: a da literatura infantil e xuvenil.

Cabe sinalar que ademais desta primeira lectura na que entraría o estudo máis rigoroso en relación con María Victoria, ao meu

entender, existe outra paralela en clave de *laudatio*, reitarada en certos momentos puntuais do texto e nos que a investigadora xustifica a relevancia desta autora para as nosas letras e, en consecuencia, para a nosa festa das letras.

En definitiva, considero que este traballo é, por un lado, unha obra accesible por como está construída e, por outro, coido que é xa unha achega imprescindible e relevante pola contribución que esta supón tanto para dar a coñecer a propia figura da homenaxeada, como por completar os estudos dentro da historia da literatura galega, quer desde unha perspectiva máis xeral quer desde unha máis particular verbo da LIX. Desta maneira é que as

persoas interesadas nunha das épocas clave da revitalización do galego como son os períodos pre e posfranquista, ou aquelas persoas curiosas en saber por que unha persoa non galega se interesa e se chega a namorar de Galicia, da súa xente e da súa lingua, ou aquelas persoas interesadas nos inicios da LIX ou simplemente aqueloutras entusiastas da nosa historia da literatura, teñen motivos máis que suficientes para acudir a cada unha das páxinas desta obra.

Paula Cousillas Pena  
Universidad Complutense de Madrid  
paulacou@ucm.es